



## **BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA DE DOUS PEÓNS/PEOAS PARA COMPLETAR A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA DE INCENDIOS DO CONCELLO DE ROIS, NA MODALIDADE DE CONTRATO LABORAL DE DURACIÓN DETERMINADA**

### **PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria, modalidade de contratación e duración do contrato**

O obxecto desta convocatoria é a provisión mediante concurso de dous postos de peóns/peoas para completar a formación da brigada de prevención e defensa contra o lume forestal, en virtude do convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Rois para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa contra incendios forestais ano 2021 (terceira addenda) cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020. Todo elo de conformidade co disposto no Real decreto Legislativo 5/2015 do 30 de outubro pola que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e demais disposicións de pertinente aplicación. Actualmente a brigada está formada por un xefe de equipo, un peón condutor e un peón de brigada, polo que é preciso contratar 2 peóns/peoas para completar a brigada de incendios.

A duración do contrato de traballo será determinada para desenvolver as tarefas propias do citado postos de traballo na brigada de prevención e defensa contra os incendios forestais obxecto de convenio coa Consellería do Medio Rural por un período de tres meses. A relación laboral formalizarase mediante contrato de obra ou servizo determinado, ao amparo do establecido no artigo 15.1 do Estatuto dos traballadores.

O persoal contratado estará suxeito durante a súa relación laboral á normativa sobre incompatibilidades prevista na función pública (Lei 53/1984, do 25 de decembro).

### **SEGUNDA.- Financiamento e retribucións**

A contía das retribucións e cotas da Corporación por Seguridade Social será imputable en base ao Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Rois.

Os custos salariais e de Seguridade Social serán imputables ás partidas 136 131 18 e 136 160 00 do vixente orzamento do 2021.

As retribucións brutas mensuais para o posto de peón de brigada, incluíndo a parte proporcional das pagas extras ascenderán a: 1.120,00 euros brutos mensuais.

### **TERCEIRA.- Publicidade de bases e convocatoria**

A convocatoria será publicada na páxina web do concello [www.rois.gal](http://www.rois.gal), no taboleiro de anuncios electrónico do Concello e nun dos xornais de máis circulación da comarca, sen prexuízo de calquera outro medio de difusión que se considere oportuno.



As bases estarán publicadas na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios electrónico.

#### **CUARTA.- Horario e tarefas encomendadas**

O horario de traballo realizarase de luns a domingo, cos descansos que establece a Lei e coa flexibilidade que requira o servizo para o mellor funcionamento do mesmo.

As tarefas encomendadas para o citado posto son as propias de traballo na brigada de prevención e defensa contra os incendios forestais obxecto de convenio coa Consellería do Medio Rural que consisten en:

-Traballos de vixilancia e defensa contra incendios forestais: as brigadas colaborarán prioritariamente con respecto a outros traballos na defensa contra os incendios forestais integrándose no dispositivo do Distrito Forestal onde se sitúe o Concello, segundo o disposto no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais, na redacción dada na Lei 7/2012 do 28 de xuño, de montes de Galicia, e no Plan de Prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia (PLADIGA). Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias poderán colaborar na defensa de incendios forestais declarados noutros ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Traballos de prevención, consistentes en actuacións manuais en vías e camiños forestais, áreas de cortalumes e faixas de xestión de biomasa mediante roza, rareo e eliminación de restos. Os restos procedentes destes traballos serán recollidos, amoreados e eliminados.

-Mantemento das ferramentas e equipamento en perfecto estado de uso.

#### **QUINTA.- Condicións das persoas aspirantes**

Para tomar parte nas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.
- b) Ter feitos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- c) Non ser separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitase. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- d) Estar en posesión dos seguintes estudos:  
Peón de brigada: certificado de escolaridade, estudos primarios, ESO, EXB ou equivalente.

Os requisitos para concorrer están referidos ao último día de presentación de instancias.

#### **SEXTA.- Presentación de solicitudes**



## CONCELLO DE ROIS

---

1.- As solicitudes para participar neste proceso selectivo faranse mediante instancia (ANEXO I) dirixido ao Sr. alcalde no modelo que se poderá descargar na páxina web do concello [www.rois.gal](http://www.rois.gal) e que tamén se facilitará no Rexistro Xeral do Concello, na que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base quinta desta convocatoria, nun prazo de 5 días naturais que se iniciará ao día seguinte da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios electrónico do Concello e nun dos xornais de máis circulación da comarca.

Poderán, así mesmo, remitirse na forma determinada na Lei 39/2015 do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

A non presentación en tempo e forma suporá a exclusión do/a participante.

2.- Necesariamente, xunto coa solicitude para participar neste proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán achegar:

- Fotocopia autenticada do DNI ou documento identificativo.
- Fotocopia autenticada dos títulos esixidos.  
Fotocopia autenticada da documentación que xustifique os méritos que se aleguen.

Non se terán en conta os méritos alegados e non xustificados documentalmente nin tampouco aqueles méritos que non figuren no baremo.

NOTA. Admítese, para os efectos de acreditación da formación mínima requirida, a presentación de fotocopia da solicitude de expedición do título, se ben neste suposto débese acompañar da certificación académica que acredite que se remataron os estudos correspondentes.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Coa presentación da instancia para participar no proceso selectivo entenderase que as persoas interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

### **SÉTIMA.- Admisión das persoas aspirantes, data e lugar de celebración das probas**

Expirado o prazo de presentación de instancias, o alcalde ditará resolución no prazo máximo de cinco días hábiles, que se publicará na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios electrónico, indicando a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídos e as causas de exclusión.



## CONCELLO DE ROIS

As persoas aspirantes disporán dun prazo máximo de dous días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da resolución para reparar o defecto. No suposto de non presentárense reclamacións, as listaxes provisionais elevaranse a definitivas.

A resolución que aprobe a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas fixará a composición do tribunal, o lugar, a data e a hora de inicio da entrevista e poralle fin á vía administrativa.

No caso de que por circunstancias excepcionais houberse que modificar o lugar de celebración das probas, publicarase na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios.

### **OITAVA.- Tribunal cualificador**

O Tribunal cualificador será designado por Decreto da Alcaldía no momento de aprobación das listaxes de persoas admitidas e excluídas.

As persoas vogais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación do persoal asesor especialista que estime pertinente para as probas, que se limitará ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborará co órgano de selección.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

As decisións do Tribunal cualificador adoptaranse por maioría dos votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do seu presidente.

Os membros do Tribunal deberán absterse de formar parte destes cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do Réxime Xurídico do Sector Público, notificándollo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

As persoas aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 24 da mencionada lei.

Para os efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos tribunais, estes estarán clasificados nas categorías que establece o número 1 do artigo 30 do Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

### **NOVENA.- Contido do proceso selectivo, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación**

Sistema de provisión:

#### **1) CONCURSO DE MÉRITOS**

Valoraranse os méritos determinados a continuación que sexan alegados e plenamente xustificados polas persoas aspirantes. No suposto de non constancia documental de méritos ou que a mesma sexa incompleta, imposibilitándolle ao Tribunal a súa comprobación exacta ou determinación, non se terán en conta. Puntuarase conforme ao seguinte baremo (**ata un máximo de 7,00 puntos**).



## CONCELLO DE ROIS

---

**A) Experiencia profesional:** A experiencia acreditada no desempeño de postos de traballo semellantes (extinción de incendios e labores de prevención), 0,10 puntos por mes ata un máximo de **3,00 puntos**. Non se computarán servizos inferiores a un mes, considerándose os meses de trinta días.

A prestación de servizos deberase acreditar con copia cotexada dos contratos de traballo ou dos certificados de empresa, así como, no seu caso, informe da persoa ou órgano competente, do contido e calidade dos traballos realizados e con informe de vida laboral.

**B) Formación:** Os cursos, xornadas e seminarios de formación relacionados cos postos de traballo que se convocan e que sexan realizados ou impartidos polas Administracións públicas ou homologados por elas, ata un máximo de **2,00 puntos**:

- De 15 a 50 horas: 0,25 puntos
- De 51 a 100 horas: 0,50 puntos
- Mais de 100 horas: 1 punto

**C) Por tempo en desemprego:** valorarase 0,25 puntos por cada catro meses de desemprego ata un máximo de **1,00 punto**. Xustificarase con informe do INEM.

**D) Carné de conducir:** Por dispor de máis permisos de conducir, 0,25 puntos por cada un deles ata un máximo de **1,00 punto**, excluindo sempre o que se esixe.

## 2) ENTREVISTA PERSOAL

Non ten carácter eliminatorio pero as persoas aspirantes que non asistan ao chamamento, agás por causa xustificada, serán decaídas do seu dereito. Consistirá en avaliar a dispoñibilidade da persoa aspirante, a súa adecuación ao posto de traballo convocado e o coñecemento do territorio. Puntuarase ata un máximo de **3,00 puntos**.

Determinada a cualificación final das persoas aspirantes, o Tribunal fará pública na páxina web do Concello a relación de persoas aprobadas por orde de puntuación.

Serán seleccionadas para o recoñecemento médico e para as probas físicas as persoas que obteñan maior puntuación no concurso de méritos.

## 3) RECOÑECIMENTO MÉDICO E PROBA FÍSICA

**A) Proba física.** Realizarán esta proba as persoas que obteñan a maior puntuación na fase do Concurso de méritos. TERÁ CARÁCTER ELIMINATORIO.

Consistirá na realización dunha proba de esforzo denominada banco que consiste en baixar e subir dun banco de 40 cm de altura para os homes e 33 cm para as mulleres, a razón de 90 movementos durante un período de 5 minutos, e é necesario para acadar o apto/a obter como mínimo os parámetros de capacidade aeróbica, pola aplicación da idade, peso e pulsacións segundo as táboas propias desta proba.



- B) Recoñecemento médico.** Realizarán este recoñecemento as persoas que realicen as probas físicas e terá carácter eliminatorio.

#### **DÉCIMA.- Proposta de aprobado/a**

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal publicará na páxina web do Concello as persoas aspirantes aprobadas coa puntuación total final, con especificación desta. Así mesmo, o Tribunal elevará esta relación, coa acta da sesión, ao alcalde para proceder á formalización do contrato correspondente, a favor da persoa aspirante que obtivera a puntuación total máis alta (o Tribunal cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de persoas aspirantes superior ao das prazas convocadas). Calquera proposta que inclúa máis nomes ca prazas convocadas ou contradiga o anteriormente establecido, será nula de pleno dereito.

Na acta da última sesión do Tribunal, incluírase unha relación das persoas aspirantes, por orde de puntuación, que non foran incluídas na listaxe de aprobadas e proposta de nomeamento, para os efectos de poder, se así se estima, seren contratadas eventualmente, para cubrir provisionalmente as vacantes que se produzan ou as ausencias por aproveitamento de licenzas regulamentarias, necesidades do servizo etc., ou por se fose necesario cubrir algunha baixa ou renuncia do seleccionado.

A confección desta relación de persoas aspirantes para provisións temporais será aprobada por Decreto da Alcaldía e publicada na páxina web do Concello.

#### **UNDÉCIMA.- Formalización do contrato**

Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, o órgano competente da Corporación procederá á contratación a favor da persoa aspirante proposta polo Tribunal Cualificador e ao seu chamamento para a súa incorporación. Será nula a contratación de quen estea incurso/a en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo de cinco días naturais, que se contarán desde a data de notificación do acordo de contratación.

Previamente á sinatura dos contratos, as persoas aspirantes contratadas deberán subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Mentres non se formalice o respectivo contrato e non se incorpore ao posto de traballo, a persoa aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

#### **DUODÉCIMA.- Normas finais**

Primeira.– Para todo o non previsto nestas bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de



## CONCELLO DE ROIS

---

administración local de Galicia, Real Decreto 896/1991, Real Decreto 364/1995, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.— Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na base 3ª, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do taboleiro de anuncios do Concello.

Terceira.—Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polas persoas interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, agás que así o decida o órgano convocante.

Rois, na data da sinatura dixital

O secretario

Diego Losada Romero



**ANEXO I**

**MODELO DE SOLICITUDE POSTO DE TRABALLO DE PEÓN/PEOA DE BRIGADA NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS**

D./D.<sup>a</sup>.....,  
con DNI número....., e domicilio, para os efectos de notificación,  
en.....C.P.....

Enderezo

electrónico.....Teléfono.....

**Expón:**

Que desexa participar no concurso convocado para a provisión do posto de traballo enriba indicado mediante contratación en réxime laboral de contrato por obra ou servizo, de acordo coas bases da convocatoria aprobadas por Resolución da Alcaldía.

Para tal efecto fai constar:

- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base quinta da convocatoria.
- Que achega coa presente solicitude os méritos e documentación xustificativa para a súa estimación.

**Solicita:**

Ser admitida/o a participar no referido concurso.

**Documentación que achega:**

-  
-  
-

A persoa abaixo asinante declara baixo a súa responsabilidade que son certos todos os datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria e praza solicitada, así como que acata integramente o contido das bases.

Rois, ..... de agosto de 2021

Asdo.